



Configúrase unha unidade didáctica dirixida a educadores e rapaces para comprender o como e o porqué e aprender a poñer o seu pequeno pero importante gran de area neste reto



Os pequenos galegos teñen unha nova materia pendente nas escolas que, máis aló da aprendizaxe, sentará as bases da sociedade do futuro, que terá moito que dicir no cambio climático.

Baixo o nome de Climántica, as Consellerías de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e Educación configuran unha unidade didáctica dirixida a educadores e rapaces de primaria e secundaria, co obxectivo de que poidan comprender o como e o porqué desta problemática e aprender actuacións para poñer o seu pequeno gran de area, pero importante ó fin e o cabo. En secundaria, comezará a súa implantación durante este curso nunha iniciativa piloto, e a quenda para os máis pequenos chegará máis adiante, porque se están a desenvolver os alicerces para introducilos neste tema, a través do audiovisual e dos cómics protagonizados polos heroes da nave Climántica, Palmira e Marcial.

A unidade para os alumnos a partir de doce anos estará dividida en varios apartados cos títulos: ¿Cambia o clima?, Se queimamos quentamos, O lixo tamén quenta, Cambios no clima e na auga, Como afectan os cambios no clima ás especies e ós ecosistemas, O clima na paisaxe, ordenación do territorio e turismo, Medio Rural e clima e Medio urbano e clima. A través delas, os pequenos galegos irán comprendendo dunha maneira áxil e atractiva os efectos do cambio climático e as alternativas de actuación.

Para comezar, o obxectivo é poñer un pouco de luz sobre este tema, eixo dun auténtico debate no día a día a pé de rúa e que pode dar lugar a equívocos, como confundir o cambio climático con cambios bruscos no estado do tempo atmosférico. Sen dúbida, calquera fenómeno meteorolóxico como nevadas intensas, choivas fortes ou vagas de calor son achacadas con rapidez a un cambio climático debido á man do home, pero non debemos esquecer que hai causas naturais que están a influír nas variacións. A maior parte dos científicos están dacordo en que nos últimos tempos a temperatura global do planeta estase a elevar, e se ben se poden discutir as porcentaxes de culpabilidade que temos neste proceso, a comunidade de expertos non ten dúbidas deste aumento. Deste xeito, a nosa influencia foi alterando o volume e proporción de gases de efecto invernadoiro na atmosfera, nun proceso que comezou coa revolución industrial

e considérase desde entón que o contido de CO<sub>2</sub> na atmosfera incrementou aproximadamente un 20%.

Un dos apartados máis importantes para que os escolares comprendan a trascendencia do cambio climático é, sen dúbida, o do quecemento global. Deste xeito, explícase que o efecto invernadoiro foi transformado polo home nunha ameaza á súa seguridade, e os máis afectados serán os máis pobres, os países máis marxinados desde o punto de vista económico e que sopor tan máis directamente o impacto da degradación ambiental.

Neste senso, estamos asistindo a un aumento da intensidade dos furacáns e ciclóns nas zonas tropicais, afectándolles a maioría das veces a países pobres e incrementando as súas consecuencias o grao de abandono. Pero, ¿que significa ter unha atmosfera máis quente? Pois, por exemplo, que o xeo dos polos se derreta e a cantidade de auga líquida resultante deste proceso podería elevar o nivel do mar.

Os rapaces, grazas a Climántica, poderán descubrir ademais

## Climántica, o alicerce para formar os cidadáns do futuro

A DIDÁCTICA

como a comunidade internacional comeza a interesarse por estes efectos devastadores. Xa no ano 1979 celebrouse a Primeira Conferencia Mundial do Clima no que se recoñeceu o cambio climático como un problema importante e no 1988 a ONU establece o Panel Intergobernamental sobre o Cambio Climático para avaliar o estado de coñecemento sobre a cuestión. Pero será a cita de Kioto en 1997 a que se erixe como bandeira desta causa, na que os países desenvolvidos asinan un Protocolo no que se comprometen a reducir as emisións de gases que causan o efecto invernadoiro, pero quedarán liberados os pobres. A porcentaxe global comprometida polo conxunto dos estados desenvolvidos é do 5,2% respecto dos niveis de 1990, aínda que a cota particular de redución varía dependendo da contaminación pasada.